

Capítulo 1

INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES



Indice de contenidos

1.1 INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES	1
1.2 DEFINICIÓN E OBXECTIVOS	1
1.2 MARCO LEGAL	3
1.2 GLOSARIO DE TERMOS	6

1.1 Introducción e antecedentes

A Norma Básica de Protección Civil, aprobada por Real Decreto 407/1992 de 24 de abril, en uso da habilitación legal conferida po-la lei 2/1985 de 21 de xaneiro de Protección Civil, constitúe o marco legislativo por excelencia para o desenvolvemento e coordinación dos Plans de Protección Civil nos diferentes niveis administrativos do territorio nacional. Como tal, establece a necesidade da realización de Plans Territoriais de Protección Civil no nivel autonómico e inferiores, definindo as responsabilidades e competencias das diferentes Administracións Públicas, e as directrices esenciais para a súa elaboración nos diferentes niveis territoriais. Asimesmo, establece o posible carácter de plan director para o plan territorial establecido ó nivel autonómico.

Para cubri-la necesidade de planificación dos instrumentos de Protección Civil nos ámbitos autonómico e inferiores, a Xunta de Galicia elaborou o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), que foi informado favorablemente pola Comisión Galega de Protección Civil, o 21 de xuño de 1994, aprobado polo Consello de Xunta de Galicia, en reunión con data 14 de xullo de 1994, e homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil na súa reunión do día 30 de setembro de 1994.

O PLATERGA, en concordancia co establecido no punto 3.2 da Norma Básica de Protección Civil, configúrase co carácter de Plan Director, o cal o sitúa marco organizativo de referencia para a coordinación dos instrumentos de planificación de ámbito administrativo inferior, nomeadamente os *Plans de Emerxencias Municipais* (PEMU), e os complementarios *Plans de Actuación Municipal* (PAM), incluíndo as directrices básicas para a súa elaboración.

A elaboración do presente Plan de Emerxencias Municipal de Lugo xurde, pois, da necesidade de establecer un instrumento de coordinación das actuacións relativas á Protección Civil, e a prevención e loita contra os riscos naturais ou antrópicos que se poideran producir no territorio municipal. Para a súa elaboración, tívose en conta o disposto polo PLATERGA no relativo á elaboración da planificación ó nivel local e a súa coordinación con instrumentos de planificación de ámbito superior. Para a aprobación e homologación do presente Plan de Emerxencias Municipal de Lugo, seguíuse o disposto no apartado 8.3 do capítulo 8 do PLATERGA, segundo o decreto 53/2000 de 3 de marzo.

Co fin de levar a cabo a redacción do Plan de Emerxencias Municipal de Lugo, estableceuse un convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela *para a realización de actividades de apoio e asesoramento na formulación dun Plan de Emerxencia Municipal (PEMU)*, que foi aprobado na Xunta Local de Goberno con data 11 de maio de 2005.

1.2 Definición e obxectivos

1.2.1.- Definición

O presente Plan de Emerxencias Municipal de Lugo (en adiante PEMU) constitúe o instrumento técnico por medio do cal se establece, mediante un conxunto de análise, normas e procedementos operativos, o sistema de resposta da Administración Local fronte a calquera tipo de emerxencia que teña lugar no Concello de Lugo. O PEMU-Lugo cubre dous aspectos:

- Un preventivo e de autoprotección, destiñado ó aumento do coñecemento sobre os riscos naturais e antrópicos que se poden dar no territorio municipal, e a establecer as correspondentes medidas preventivas e de divulgación á poboación para minimizar o seu posible impacto
- Un operativo, mediante o que se definen os procedementos a desenvolver no caso de que se produza unha emerxencia ligada ós citados riscos.

1.2.2.- Obxectivos

Tendo en conta o anteriormente exposto, o PEMU-Lugo ten os seguintes obxectivos xerais:

- Organiza-las funcións básicas de protección civil no Concello de Lugo
- Identificar e analiza-los distintos riscos no territorio municipal
- Determina-las medidas de prevención fronte ós riscos detectados.
- Coordinar tódolos recursos municipais para proceder a dar unha resposta rápida en caso de emerxencia.
- Promover actividades de autoprotección corporativa e cidadá.
- Informar e conciencia-la poboación sobre os riscos e medidas de protección.
- Levar a cabo o procedemento de integración do PEMU-Lugo nos instrumentos de planificación de ámbito superior

1.2.3.- Implementación do Plan en Sistemas de Información Xeográfica

Dadas as características do PEMU na súa vertente operativa, resulta fundamental o establecemento dun sistema que permita a incorporación constante de información espacial e xeográfica no Plan, que permita:

- A combinación de información xeográfica (mapas) e alfanumérica (bases de datos).
- O acceso inmediato a información espacial de forma visual e sintética almacenada ó traveso de análises interactivos, a partir dos mencionados datos gráficos ou alfanuméricos.

- A recopilación integradora da información relativa a medios, recursos e equipamentos dispoñibles ó nivel local, así como das características do medio físico e socioeconómico existentes no municipio.
- A posibilidade de actualización constante da información existente, e de incorporación de nova información.
- A análise, estudo, modelización, simulación, e integración con outras ferramentas informáticas que posibiliten en tempo real a explotación das comunicacións e as novas tecnoloxías da información.

Dadas as tendencias actuais na xestión corporativa da información, e as necesidades impostas polas últimas disposicións normativas en canto á xestión de emerxencias, realizouse a implementación do PEMU-Lugo nun Sistema de Información Xeográfica (SIX), como medio de incorporalas esixencias previamente expostas. A información procesada e almacenada en formatos dixitais comúns permite a súa explotación e exportación a calquer plataforma e soporte utilizado por outras Administracións Organismos, e público en xeral (web).

1.2 Marco legal

O marco legal de referencia para o PEMU-Lugo, no ámbito estatal e inferiores, queda reflexado no seguinte listado (actualizado a xullo de 2006):

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 2/85, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 407/ 91, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.
- Resolución do 11/10/94 pol que se aproba o Plan Territorial de Galicia (PLATERGA)
- Decreto 54/96 do 12/1/96 sobre a asignación de funcións ante emerxencias motivadas por variacións extraordinarias no réxime hidrolóxico.

- Decreto 56/2000, do 3 de marzo polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.
- Real Decreto 1254/99 polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes ós accidentes nos que interveñen sustancias perigosas.
- Directriz básica para a elaboración e homologación dos plans especiais do sector químico. Resolución do 30 de xaneiro de 1991
- Directriz básica de Emerxencia por Incendios Forestais. Orde do 2 de abril de 1993 (BOE do 15 de abril de 1993)
- Directriz básica de Inundacións. Resolución de 31 de xaneiro de 1995 (BOE do 14 de febreiro de 1995)
- Directriz básica de Risco Sísmico. Resolución do 5 de maio de 1995 (BOE do 25 de maio de 1995)
- Directriz básica de Transporte de Mercadorías Perigosas. Real Decreto 387/1996, de 1 de marzo
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais
- Orde do 7/8/96 pola que se aproba o Plan de Protección Civil diante das emerxencias por incendios forestais. (DOG 30/8/96)
- Ley 19/200 de Tráfico y Seguridad Vial, de 19 de diciembre, de reforma del texto articulado de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial, aprobado por Real Decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo.
- Real Decreto 1428/2003, Reglamento General de Circulación
- Resolución 24/5/00 Plan de prevención de accidentes no Transporte de Mercadorías Perigosas. (DOG 8/5/00)
- Acordo Europeo sobre o Transporte Internacional de Mercadorías Perigosas por Estrada (ADR). Asinado en Xenebra en decembro de 1957, publícanse periodicamente actualizacións. Supón un importante documento de referencia para o desenvolvemento de normativa relativa ó transporte de mercadorías perigosas en Europa.
- “Reglamento relativo ó transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril (RID)”
- Convenio relativo ós transportes internacionais por ferrocarril (COTIF)” firmado en Berna en maio de 1980.

- Directiva 96/49/CE, do consello de 23 de xullo de 1996, sobre a aproximación das lexislacións dos estados membros relativos ó transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.
- Directiva 96/34/CE, da comisión do 13 de decembro de 1996, para a adaptación ó progreso técnico da directiva 96/49/CE de transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.
- Real Decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.
- Real Decreto 551/2006, de 5 de mayo, por el que se regulan las operaciones de transporte de mercancías peligrosas por carretera en territorio español.
- Resolución do 4 de abril do 2000, da Secretaría Xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola que se dispón a publicación do Plan de Emerxencia por Accidente no Transporte de Mercadorías Perigosas da Comunidade Autónoma de Galicia (Plantransgal).
- Directiva 96/82/CE, del Consejo, de 9 de diciembre, relativa al control de los riesgos inherentes a los accidentes graves en los que intervengan sustancias peligrosas.
- Decisión 98/433/CE, de la Comisión Europea, de 26 de junio, sobre criterios armonizados para la concesión de exenciones de acuerdo con el artículo 9.º 6 a), de la Directiva 96/82/CE.
- Real Decreto 1196/2003, de 19 de septiembre, por el que se aprueba la Directriz básica de protección civil para el control y planificación ante el riesgo de accidentes graves en los que intervienen sustancias peligrosas.
- Real Decreto 119/2005, de 4 de febrero, por el que se modifica el Real Decreto 1254/1999, de 16 de julio, por el que se aprueban medidas de control de los riesgos inherentes a los accidentes graves en los que intervengan sustancias peligrosas
- Real Decreto 948/2005, de 29 de julio, por el que se modifica el Real Decreto 1254/1999, de 16 de julio, por el que se aprueban medidas de control de los riesgos inherentes a los accidentes graves en los que intervengan sustancias peligrosas
- Orden PRE/252/2006, de 6 de febrero, por la que se actualiza la Instrucción Técnica Complementaria n.º 10, sobre prevención de accidentes graves, del Reglamento de Explosivos
- Real Decreto 769/1993, de 21 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento para la Prevención de la Violencia en los espectáculos deportivos, modificado por el Real Decreto 1247/1998 de 19 junio.

- Orden de 22 de diciembre de 1998 por la que se regulan las Unidades de Control Organizativo para la prevención de la violencia en los espectáculos deportivos.
- Ley Orgánica 1/1992, de 21 febrero, sobre Protección de la Seguridad Ciudadana.
- Real Decreto 2816/1982, de 27 agosto, por el que se aprueba el Reglamento General de Policía de Espectáculos y Actividades Recreativas.
- Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal.

Asimismo, pódese mencionar o marco básico de referencia na Unión Europea para a asistencia de Protección Civil ante riscos e emerxencias, constituido por:

- Programa de Acción Comunitaria no campo de Protección Civil (1999/847/EC)
- Decisión do Consello de 23 de outubro de 2001, pola que se establece un mecanismo comunitario para facilitar una cooperación reforzada en las intervenciones de ayuda en el ámbito de la Protección Civil (2001/792/CE, Euratom)
- Reglamento do Consello de 20 de maio de 2005, polo que se establece un Instrumento de preparación e resposta rápida a emerxencias graves

1.2 Glosario de termos

Co fin de esclarecer algúns conceptos recorrentes na redacción do PEMU-Lugo, móstrase a continuación un glosario cos termos máis relevantes.

Alarma: Detección e aviso dun perigo.

Alerta: Aumento de atención ou vixilancia.

BOE: Boletín Oficial do Estado

Cartografía oficial: A realizada con suxeición ás prescricións da Lei 7/1986 de ordenación da cartografía, polas administracións públicas, baixo a súa dirección e control.

CECOP-Galicia: Central de Coordinación para Operativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

CECOP. Centro de Coordinación Operativo. Está composto polo Comité de Dirección, Comité Asesor e os medios técnicos do CETRA, SACOP e/ou CIN.

CECOPAL: Centro de Coordinación Operativo Municipal

CECOPI: Centro de Coordinación Operativo Integrado.

CETRA: Centro de Transmisións.

CIN: Centro de Información.

Comisión Galega de Protección Civil. Órgano Colexiado de coordinación en materia de Protección Civil.

Comité Autonómico de Coordinación Operativa de Protección Civil da Xunta De Galicia: Órgano asesor do director do PLATERGA.

Comité Provincial de Coordinación Operativa de Protección Civil da Xunta De Galicia: Órgano asesor do director do PLATERGA no nivel 1

Director Técnico: Persoa que avalía, dirixe e coordina tecnicamente a emerxencia.

Dispositivo: Conxunto de actuacións encamiñadas a dar resposta diante dunha emerxencia

Emerxencia: Situación na que o risco materialízase en accidente e necesario dar resposta axeitada coa intervención de medios e recursos.

Interfase: Interconexións de dous plans.

Mobilización: Conxunto de operacións para a activación de medios, recursos e servizos dos diferentes grupos de acción recollidos no PEMU.

Nivel. Fase de actuación.

Operativo: Conxunto de actuacións programadas diante dun feito coñecido de antemán

PAM. Plan de Actuación Municipal.

PEMU. Plan de Emerxencia Municipal.

Plan de Protección Civil.. Conxunto de normas de actuación perante unha emerxencia.

PLATERGA: Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Posto de Mando Avanzado (PMA). Posto de dirección técnica das accións de control e seguimento da emerxencia "in situ".

Punto negro: Zona ou lugar que, pola reiteración de accidentes, presenta un alto risco.

Rede de comunicacións. Conxunto de medios de telecomunicacións, radioeléctricos e por cable que permiten o enlace entre os CECOPS, centrais de comunicacións e/ou operativos, posto de mando avanzado e postos fixos e móbiles, incluídos medios terrestres, marítimos e aéreos; e, en xeral, de canto elemento interveña nun Plan de Emerxencias.

Risco. Fenómeno ou suceso de orixe natural ou xerado pola actividade humana non desexado que pode producir danos a persoas, bens ou entorno medioambiental

SACOP: Sala de Control de Operativos.

SERGAS: Servicio Galego de Saúde.

SIX: Sistema de Información Xeográfica.

112 - SOS-GALICIA: Central de atención de chamadas de urxencias e emerxencias.

Xunta Local de Protección Civil: Comité Asesor de Protección Civil a nivel local.

